

Precisa dunha familia de referencia...



Foto de Askar Albayev en Pexels

...a túa?

*en
familia*

Programa de
experiencias
familiares de
referencia

Que é En Familia?

en
familia

Programa de
experiencias
familiares de
referencia

En Familia é unha rede de fogares que se comprometen a ser referentes sólidos e estables para nenas, nenos e adolescentes que non dispoñen doutras alternativas familiares. Estas rapazas e rapaces viven en Casas de Familia (recurso de acollemento residencial) pola súa situación previa de desprotección.

O obxectivo é contribuír a mellorar a súa calidade de vida e que cada nena ou neno, ademais de contar coa Casa de Familia na que viven, disfrute dun fogar de referencia.

Que supón ser familia de referencia?

Poñerse á disposición dunha nena, neno ou adolescente, a través da convivencia en fins de semana e vacacións. Estas novas experiencias permitiránlle poder contar con figuras estables, fóra da contorna da Casa de Familia, para ampliar a súa rede social e mellorar o seu desenvolvemento persoal.

Cales son os requisitos para participar?

- Estar disposto a participar no programa de xeito voluntario.
- Contar con estabilidade emocional, familiar e afectiva.
- Non estar actualmente en listas de adopción.
- Contar con estabilidade económica e unha vivenda axeitada.
- Ausencia de calquera causa que incapacite para a participación no programa.

Quen son as nenas, nenos e adolescentes destinatarios?

Nenas, nenos ou adolescentes de máis de 7 anos que residen nalgunha das Casas de Familia participantes do programa e que non contan con outra alternativa familiar estable.

Que teño que facer para ser familia de referencia?

As familias iniciarán un itinerario, que consta de varias fases, no que irán coñecendo a medida de protección e as necesidades das nenas, nenos e adolescentes destinatarios.

Este proceso busca garantir, na medida do posible, un mellor desenvolvemento e evolución das experiencias en familia.

Cales son as fases do proceso?

- 1.- Captación, sensibilización e información
- 2.- Formación (16 horas)
- 3.- Ofrecemento para participar no programa
- 4.- Valoración psicosocial
- 5.- Banco de familias

Con que apoios contan as familias?

O programa En Familia pon a disposición das familias os seguintes apoios:

- Un servizo de acompañamento especializado, coordinado coa casa de familia, para apoiar a súa labor, responder a consultas e ofrecer orientacións ante dificultades que puideran xurdir.
- Rede de familias, que contarán cun espazo de apoio, soporte e cohesión grupal.
- Formación continuada e acceso a diferentes recursos específicos.
- Este programa non conta con asignación económica directa.

Máis sobre En Familia

En Familia xurde da unión de diferentes entidades, Fundación Faiben, Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, Casa de Familia Laura Vicuña e Manaia, Asociación Galega de Adopción e Acollemento que, conscientes das necesidades destas rapazas e rapaces, uniron os seus esforzos e recursos para poder levar adiante este proxecto e garantir unha medida de protección ás nenas, nenos e adolescentes que non contan con outro recurso familiar estable.

